| **-ABSTENCIÓNS: 0** |

En consecuencia, ao non aprobarse a emenda do GM do PP, sómetese a votación ordinaria a **proposición do GM MIXTO-SUMA RIBEIRA** según o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021, co seguinte resultado:

| |
|---|
| **-VOTOS A FAVOR: 12 (1 Mixto-Suma Ribeira, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)** |
| **-VOTOS EN CONTRA: 9 PP** |
| **-ABSTENCIÓNS: 0** |

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA** sobre **EQUILIBRIO ORZAMENTARIO ENTRE MANTEMENTO E REALIZACIÓN DE NOVAS INFRAESTRUTURAS,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021 **,** e en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO***:- *Que se faga unha planificación anual de mantemento de infraestruturas e se acometa polos servizos municipais, que consideramos deben ser reforzados. No caso de que non se poida facer por cuestións de tipo legal, se acometan por persoal externo ao concello.*

***SEGUNDO***:-*Que na WEB municipal sexa habilitado un espazo dedicado a reclamacións e suxestións relacionadas co mantemento das infraestruturas e instalacións públicas.*

***TERCEIRO***:- *Que para facilitar o coñecemento e valoración do esforzo en materia de mantemento e conservación, figuren explicitamente nos orzamentos municipais as partidas económicas destinadas ao mesmo, e, asemade, a súa distribución xeográfica.*

***CUARTO***:-*Que en todas as novas actuacións en infraestruturas e equipamentos figure unha cuantificación da previsión en custes de mantemento.*

***QUINTO***:-*Que de acordo coas demandas das veciñas se vexan incrementados progresivamente os orzamentos destinados a conservación e mantemento"*

***(nestes intres, sendo as 22.00 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos, reanudándose o pleno, en consecuencia, ás 22.30 h)***



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

## 9.-PROPOSICIÓN GM PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE ARRANXO RAMPLAS DE ATRAQUE

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 20 de xullo de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** segundo o escrito do concelleiro **D José Manuel Vilas Álvarez** de data 13 de xullo de 2021 (rex de entrada nº 12.351), do seguinte tenor literal:

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*As ramplas de atraque e amarre son estructuras que proporcionan, ou proporcionaron as embarcacións (traineras, dornas, racús, barcos,...), unhas condicions axeitadas e seguras para sua permanencia en abrigo, e/ou para que puderan, ou poidan, desenrrolarse as operacions portuarias necesarias para as actividades de carga e descarga de peixe, de transbordo de mariñeiros; e tamén de disfrute de momentos de lecer da cidadanía na temporada estival.*

*Queda patente, nunha visita rutinaria, o deterioro que están a sufrir as ramplas de atraque situadas no noso Concello, a saber na Punta do Castro (Castiñeiras), na Punta da Raia-Mosqueiros (Castiñeiras), na Praia da Area Secada (Ribeira), e na Punta do Touro (Ribeira), uns lugares de gran interés patrimonial.*

*Unhas obras, que posiblemente foron realizadas nos anos 1800-1900, para dar servizo aos almacéns de salazón instalados nas inmediacións, e mais tarde as fábricas de conservas. Están feitas a base de pedra granítica dunhas dimensións diversas, bloques de pedra, perpiaños, mampostería, etc....*

*Estas obras, únicas no noso Concello de Ribeira, son visitadas ocasionalmente por unha importante cantidade de veciños e visitantes, que se interesan, ou disfrutan destas construccións, ben con amarres das súas embarcacións, ou usandoas como zona de pesca, ou de baño.*

*Os daños no seu firme son evidentes, desconchados, pedras movidas, furados ocasionados pola acción do mar, polo que poden causar lesións imprevisibles.*

*Denótase falta de mantemento na infraestructura, debido a falta de funcionalidade das factorías concesionarias, e deisadéz das administracións competenciais.*

*A falta de alumeado, e outra das eivas para o uso e disfrute das instalacións. Só unha ten unha farola, nos Mosqueiros, e está sin luz.*

*Partes do armazón das estructuras están movidas, ou depositados no leito mariño da rada-praia, polo que a súa reparación é factible.*

*Por todo elo, o partido socialista propón ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1.- Que por parte do Concello de Ribeira, se proceda a facer un estudio de cada un dos espigóns citados, cunha memoria descriptiva do estado actual, e constructiva para solventar o deterioro destas infraestructuras mariñas, e realizar un presuposto individual para poñelas en valor e restauralas; para recuperar a nosa identidade histórica de vinculación co mar, que significóu o despegue económico de Ribeira.*

*2.- Si non é competencia do órgano municipal, que se faga chegar a necesidade, e con prontitude ao Organismo Oportuno (Portos, Costas, Patrimonio ou Deputación), por medio da declaración responsable, ou outra solicitude; porque a súa conservación é imprescindible para o patrimonio etnográfico ribeirense.*



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00



Punta do Castro



Praia Area Secada



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00



Punta da Raia. Praia dos Mosqueiros (Castiñeiras).

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 20 de xullo de 2021, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI,2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** sobre **ARRANXO RAMPLAS DE ATRAQUE,** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 20 de xullo de 2021, e en consecuencia aproba:

> ***PRIMEIRO***:-*Que por parte do Concello de Ribeira, se proceda a facer un estudio de cada un dos espigóns citados, cunha memoria descriptiva do estado actual, e constructiva para solventar o deterioro destas infraestructuras mariñas, e realizar un presuposto individual para poñelas en valor e restauralas; para recuperar a nosa identidade histórica de vinculación co mar, que significóu o despegue económico de Ribeira.*

> ***SEGUNDO***:-*Si non é competencia do órgano municipal, que se faga chegar a necesidade, e con prontitude ao Organismo Oportuno (Portos, Costas, Patrimonio ou Deputación), por medio da declaración responsable, ou outra solicitude; porque a súa conservación é imprescindible para o patrimonio etnográfico ribeirense.*

## 10.- PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. LUIS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE MELLORA INTEGRAL DO CONSERVATORIO E DO SEU PROFESORADO.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 21 de setembro de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM** do **BNG** segundo o escrito do concelleiro **D. Luis Antonio Pérez Barral** de data 27 de xullo de 2021 (rex de entrada nº 13.105), do seguinte tenor literal:

*O conservatorio de música profesional 'Enrique Paisal' de Ribeira comezou a súa actividade hai máis de corenta anos como escola municipal e veu materializada a súa creación como conservatorio de grao medio, como filial do superior de música de Santiago, no ano 1992 e ata 1995 no que se asina un convenio propio entre o concello e a Consellaría de Educación. Finalmente, no ano 2004, creábase o conservatorio de música profesional de Ribeira para impartir os graos elemental e medio ou profesional.*

*Ao longo de todos estes anos por el levan pasado miles de alumnos e alumnas e na actualidade é a referencia en estudos musicais profesionais e no labor profesional do seu profesorado de toda a comarca da Barbanza e, polo tanto, a súa existencia é incuestionábel. Desde o BNG tamén apostamos por acadar a posibilidade de impartir as ensinanzas superiores, cuestión que require da vontade de achegar recursos, medios e persoal suficiente para poder conseguilo.*

*Non entanto, os recursos materiais e humanos que o sosteñen son moi mellorábeis, a comezar polas evidentes e graves deficiencias do propio edificio que o alberga, e perfectamente coñecidos dende hai anos polo goberno local de Ribeira e que sistematicamente fai ouvidos xordos ás demandas que lle traslada o profesorado do centro. O centro precisa unha reforma integral de maneira urxente que permita a insonorización das aulas que eviten o ruído do tráfico ou atallar as humidades e o frío que rexistra no inverno e as altas temperaturas que se rexistran coa chegada do bo tempo. Non son pequenas manchas, estamos falando de que a humidade se estende polos tres andares e provoca a aparición de fungos que poden prexudicar a saúde do alumnado e do profesorado.*



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

*Outra das problemáticas que ten o Conservatorio é que a maior parte do profesorado está contratado a xornada parcial o que provoca serios inconvenientes á hora de impartir as aulas, tendo que aglutinar tantos instrumentos como poden nunha mesma aula para os cales non existe repertorio común ou, simplemente, o seu conxunto non ten un interese nin musical nin didáctico para o alumnado. O cadro de persoal, docente e non docente rolda as 18 persoas e o alumnado anda por volta dos 150 alumnos e alumnas que teñen que dar aulas nun edificio que dista moito de estar preparado para desenvolver unha actividade cunhas características moi específicas e para o coidado e mantemento dos instrumentos que non son precisamente accesíbeis dende o punto de vista económico.*

*Ata hai tres anos viñanse impartindo en Ribeira clases de iniciación á música para alumnado menor de seis anos, cuestión fundamental se queremos que o conservatorio siga tendo alumnado no futuro, Ademais a formación musical ten múltiples beneficios na formación dos nenos e nenas. Dita escola de música ten moita demanda en toda a comarca e podería poñerse en funcionamento nun breve prazo de tempo se se levara a cabo a contratación do/a especialista correspondente. Desde o Bloque pedímoslle ao goberno local que, ademais de aumentar as horas do profesorado, se contrate un especialista en pedagoxía infantil co que retomar a escola de música.*

*Desde o BNG mostramos o noso apoio a todas as demandas formuladas polo profesorado, persoal que conta co noso recoñecemento, pois a súa implicación e profesionalidade é digna de gabanza.*

*Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita a adopción dos seguintes*

*ACORDOS:*

- ***O Concello de Ribeira habilitará as partidas orzamentarias necesarias para solucionar as graves deficiencias que presenta a día de hoxe o edificio do Conservatorio "Enrique Paisal", atendendo de maneira especial a insonorización das aulas e o tratamento das humidades e fungos.***
- ***O Concello de Ribeira realizará as tarefas oportunas para aumentar as horas do profesorado do Conservatorio que permita a redución das ratios e garantir a calidade educativa.***
- ***O Concello de Ribeira retomará a escola de música coa contratación dunha persoa especialista en pedagoxía infantil".***

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG** rematadas as **<u>intervencións</u>** nos termos que obran no **<u>arquivo audiovisual</u>** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 21 de setembro de 2021, co seguinte resultado:



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

-**VOTOS A FAVOR: 10** **(2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira, 7 PBBI)**

-**VOTOS EN CONTRA: 11** **(9 PP, 2 Ps de G-Psoe)**

-**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **non aprobala** proposición do **GM** do **BNG** sobre **MELLORA INTEGRAL DO CONSERVATORIO E DO SEU PROFESORADO.**

## 11.-PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. LUIS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE A DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO E REXEITANDO OS RECORTES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 21 de setembro de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM** do **BNG** segundo o escrito do concelleiro **D. Luis Antonio Pérez Barral** de data 28 de xullo de 2021 (rex de entrada nº 13.223), do seguinte tenor literal:

*"Neste final de curso 2020-2021 e de cara ao comezo do novo ano académico, a Consellaría de Educación está a consumar a súa folla de ruta iniciada a finais de xuño cos colexios de educación infantil e primaria e que agora continúa cos institutos de educación secundaria. Trátase do desmantelamento do ensino público que, na práctica, tradúcese en drásticos recortes de persoal docente, incremento desmesurado das ratios de alumnado por clase, perda de oferta educativa e abandono definitivo da atención á diversidade e minguar a calidade educativa en xeral.*

*As formas da Consellaría de Educación e dos seus responsábeis políticos son lamentábeis pois están aplicando recortes de persoal en plena época vacacional, unha vez rematado o período lectivo, rematado o período de matrícula e, polo tanto, cando xa o alumnado ten decididas as súas opcións e cando, en moitos casos, as direccións dos centros teñen planificados e ultimados os seus horarios en función do profesorado co que contaron este ano.*

*Publicamente, a Consellaría aduce que o recorte prodúcese porque o curso que vén de rematar foi excepcional por mor da crise sanitaria e o que cómpre agora e volver aos niveis de persoal pre-covid nos centros. Mais ningunha das dúas cousas é certa. Nin existiu tal excepcionalidade na dotación de profesorado no curso 2020-2021, nin tampouco agora se está a volver ao nivel dos cursos anteriores senón que se está a destinar aos centros un número menor de docentes que nos anos anteriores á pandemia.*

*Os recortes son gravísimos e a falla de respecto que se está a ter cara o traballo realizado polas direccións dos centros e polo conxunto do profesorado evidencia claramente a nula vontade de diálogo e unha absoluta falla de sensibilidade cara ás situacións que se viven en cada centro.*

*O menosprezo que sofren as familias e o propio alumnado que, unha vez rematado o curso e tendo xa realizada a súa matrícula, quedan agora a expensas de que as decisións*



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

*unilaterais da Consellaría condicionen as súas previsións. E nun momento, o verán, no que o que se ten en conta é a dificultade de organización dos pais e nais para mobilizarse ou decidiren accións conxuntas de reivindicación e/ou de protesta.*

*O Instituto de Educación Secundaria Nº 1 de Ribeira é un centro que supera os 600 alumnos e alumnas, que imparte ESO, ESA, bacharelato diúrno e nocturno, alfabetización de adultos, que alberga, ademais, nas súas instalacións unha delegación da Escola Oficial de Idiomas e vén sendo referencia na comarca dende hai moitos anos.*

*O IES Nº1 É un centro que ten un cadro de docentes que chega ás 72 persoas e ao que, con data de 26 de xullo, se lle comunica que a dotación será de 66 para o novo curso. Seis profesores e profesoras menos do que lle corresponde e dez menos que no curso 2020-2021. A maiores, unha praza de PT na que o seu titular vén de xubilarse e que, nestes momentos, está sen confirmar, aínda coñecendo a administración educativa que o centro conta con más de corenta nenos e nenas con dificultades educativas.*

*O recorte que pretende aplicar o goberno de Núñez Feijóo, de non rectificarse, implicará graves consecuencia á organización definitiva do centro, ao alumnado e, evidentemente, provocará unha perda importante de calidade educativa.*

*As consecuencias máis inmediatas serán:*

A) *Aumento de ratios. Aulas de ESO con 27-28 alumnos/as.*

B) *Perda de agrupamentos en 1º e 2º de ESO e, consecuentemente, menor atención á mocidade que ten diversidade e dificultades.*
C) *Importante redución de optatividade e, polo tanto, de oferta educativa.*

D) *Perda da oferta de alfabetización de adultos.*

E) *Diminución da atención ás necesidades educativas especiais e ao alumnado con dificultades se se confirma a perda dun/ha profesional de PT.*

*En definitiva, unha decisión que resulta incomprensíbel entre a comunidade educativa e que só se pode interpretar como un ataque directo ao ensino público e de calidade.*

*Con esta decisión, a Consellaría de Educación é reincidente no concello de Ribeira, xa que tamén anunciou importantes recortes no CEIP de Palmeira e cun modus operandi practicamente idéntico no que aplica un recorte de dúas unidades nese centro educativo.*

*A Xunta de Galiza debe rectificar porque as decisións que está tomando provocan un deterioro do ensino público e é imprescindíbel e urxente que estableza canles de diálogo coa comunidade educativa galega para evitar o malestar que está a crear e que medra segundo se vai coñecendo a irracionalidade e a falla de xustificación dunha política que, ademais de destruír emprego, incide negativamente no funcionamento dos centros, aumenta as carencias do sistema educativo e crea aínda maiores desigualdades.*



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

*Desde o Bloque Nacionalista Galego parécenos dunha gravidade extrema que o alcalde se poña de perfil ante estas circunstancias e apoie os brutais recortes que pretende aplicar a Consellaría de Educación nos centros educativos de Ribeira. Cómpre lembrar que o alcalde, como máximo responsábel do Concello debe defender os intereses da veciñanza de Ribeira por riba dos intereses do Partido Popular. Lamentabelmente, unha vez máis, vemos que o alcalde claudica ante os ataques que o seu propio partido, o PP, fai aos servizos públicos.*

*Preguntámonos tamén que é o que fixo a concelleira de Educación até o momento para defender os centros educativos do concello de Ribeira, porque non temos constancia de que en ningún momento saíse publicamente a apoiar as xustas demandas da comunidade escolar, tanto do colexio de Palmeira como do Instituto Nº1. Malia que o goberno local incumpre de maneira sistemática a convocatoria do Consello Escolar Municipal de Ribeira –regrado nunha reunión cada 3 meses- é rechamante que a responsábel desa área municipal non se convocase o Consello Escolar nin tratar asuntos tan importantes como as necesidades de cada centro para afrontar a pandemia, a coordinación entre os centros e o concello, etc.*

*Por último, remarcar o compromiso do BNG cos servizos públicos que garantan a igualdade de oportunidades e darlle todo o noso apoio ás demandas que fai a comunidade escolar pois só tratan de defender o ensino público galego e a súa calidade fronte a onda de recortes que o goberno galego pretende aplicar.*

*Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita a adopción dos seguintes acordos:*

- *A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a paralizar e rectificar a súa pretensión de recortar profesorado no IES Nº1 de Ribeira.*

- *A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a manter un mínimo de 72 docentes no IES Nº1 de Ribeira, ao igual que no curso 2020-2021.*

- *A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a manter un mínimo de 2 profesionais de PT no IES Nº1 de Ribeira que poidan atender o alumnado con diversidade e dificultades.*

- *A Corporación Municipal de Ribeira esixe a dimisión ou cese da concelleira de Educación do Concello de Ribeira pola súa inacción ante os recortes que pretende aplicar a Consellaría de Educación e pola parálise que sofre esta área de goberno.*

- *A Corporación Municipal de Ribeira manifesta o seu compromiso co ensino público e apoia as reivindicacións da comunidade escolar de Palmeira."*



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 21 de setembro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 8 (2 BNG, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira, 3 PBBI: Sra Redondo Fernández, Sr. González Regueira, SR. Pardavila Fernández)**

**-VOTOS EN CONTRA: 9 PP**

**-ABSTENCIÓNS: 4 PBBI (Sra Pouso Maneiro, Sr. Mariño de Bricio, Sr. Vázquez Salgueiro e Sr. Casais Álvarez)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría simple*** dos seus membros **non aprobala** proposición do **GM** do **BNG** sobre **A DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO E REXEITANDO OS RECORTES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA**.

(***Nota de Secretaría****: sen prexuizo da versión audivisual da presente acta, faise constar que no momento da votación prodúcese unha gran confusión ao non estar de acordo determinados/as concelleiros/as coa proclamación do resultado da mesma, o que motiva un acalorado intercambio de opinións entre os/as diferentes concelleiros/as interesados/as e a Presidencia, o que conleva a que ésta chame a orde á Sra. Concelleira Redondo Fernández, á Sra.concelleira Pouso Maneiro (por dúas veces), ó Sr. concelleiro Vázquez Salgueiro e ó Sr. concelleiro González Regueira, a éste por tres veces o que determina a súa expulsión, tras a cual abandona igulamente a sala en solidaridade a Sra. Redondo Fernández.*

*Ó longo deste suceso resulta especialmente vehemente a reiterada petición por parte del Sr Pérez Barral de que conste en acta que a determinados/as concelleiros/as non se lles permiteu manifestar o sentido do seu voto*

*Sen prexuizo do que o tanto o Sr. alcalde-presidente como o Pleno da Corporación co seu alto máis alto criterio acorden, por quen subscribe recóllese na presente acta no que na súa humilde opinión da votación resultou, unha vez revisada a grabación de referencia e recoñecendo as dificultades da situación vivida.*

*O sentido* ***do voto*** *regúlase no* ***artigo 100.1*** *do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real* ***Decreto 2568/1986, de 28 de novembro****, que dispón:*

*«1. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar.*

*A efectos da votación correspondente considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentaron do Salón de Sesións una vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No caso de que se houbesen reintegrado ao Salón de Sesións antes da votación poderán, desde logo, tomar parte na mesma».*

*Se os Concelleiros da oposición manifestan votar si ou non, ou ben afirmativa ou negativamente, non se exporía problema;* ***se non o fan en ningún sentido****, computaráselles como* ***abstención****.*

*Po último cumpre dicir que a dirección do desenvolvemento da sesión, da ordenación e dirección dos debates e calquera outra cuestión de orde, en xeral, corresponde ao Presidente. Así:*



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00

*a) O Presidente pode acordar interrupcións da sesión ao seu prudente arbitrio, para a deliberación separada dos grupos ou por descanso (artigo 87 in fine do ROFRJ).*

*b) O Presidente pode ordenar a expulsión de quen perturbe o normal desenvolvemento «en casos extremos» (artigo 88 do ROFRJ).*

*c) O Presidente pode alterar a orde dos puntos, ou retirar un asunto que requira una maioría cualificada que non poida obterse no momento previsto (artigo 91.3 do ROFRJ).*

*d) O Presidente (artigo 94 do ROFRJ):*

*— Autoriza, denega e retira o uso da palabra.*

*— Vea polo desenvolvemento dos debates.*

*— Decide sobre a concesión ou non de quendas para rectificacións ou por alusións (artigo 107.4 do TRLMC).*

*— Pode interromper as intervencións para chamar á orde ou á cuestión.*

*— Resolve, sen máis debate, as solicitudes de uso da palabra expostas polos concelleiros (ou polo Secretario ou o Interventor).*

*e) O Presidente pode chamar á orde aos membros corporativos e chegar a ordenar a súa expulsión nos supostos e cos requisitos que se establecen no artigo 95 do ROFRJ.*

***f) O Presidente debe velar para que durante as votacións non se produzan interrupcións, usos da palabra, ou entradas ou saídas dos concelleiros*** *(artigo 98.3 do ROFRJ).*

*Así pois corresponde ao Alcalde velar polo desenvolvemento das sesións podendo chegar a ordenar a expulsión dun concelleiro nos supostos en que se menoscabe esa orde)*

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día **27 de setembro de 2021**, en cumprimento do ‘principio de unidade de acto” previsto no artigo 87 do ROF, quedando pendentes os **puntos 12, 13, 14, 15, 16 e 17** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

| O alcalde-presidente | O secretario xeral |
|---|---|
| Manuel Ruiz Rivas | Juan Manuel Salguero del Valle |



CSV: 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B800D00I8V4C9C0Q4Z8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 11:00:03

DOCUMENTO: 20210753677
Fecha: 30/09/2021
Hora: 11:00